

MEDIDAS ACORDADAS POLO CECOP (15 DE MARZO DE 2020)

Relación das medidas a adoptar trala reunión do Centro de Coordinación Operativa do Plan de emerxencias de Galicia onte 15 de marzo de 2020:

1.- Protección ás persoas sen fogar:

- Apertura dos **albergues** de *pernocta*
- As **cociñas económicas, comedores sociais, centros de atención social continuada** funcionarán limitando a presenza simultánea de persoas a un terzo da súa capacidade.
- Os **centros de día de inclusión social** suspenderán a súa actividade agás os servizos de hixiene (ducha ou lavandería) e os servizos de "calor e café"

2.- Comercio retalista:

- Poderán continuar abertas e con actividade establecementos de **ferraxaría, pintura, vidro, ópticas, venda ambulante de alimentación a domicilio en camións tenda**.
 - Aclárase que a actividade da **lonxas** si pode continuar.
 - Suspéndese a actividade nos concesionarios de automóbiles agás os servizo de reparación
- ⇒ Os establecementos comerciais autorizados a funcionar teñen liberdade horaria.

3.- Suspéndese a actividade de **academias, autoescolas e barbarías**.

4.- Aclárase que os gabinetes de **psicloxía e pedagogía** poden manter a súa actividade.

5.- En canto ao **Servizo Público de Emprego**: non será necesario renovar a demanda de emprego ata o 30 de abril, os trámites urxentes realizaranse na oficina virtual ou por teléfono, suspéndense as citas de orientación laboral, as prestacións consultarase na web do SEPE (<https://www.sepe.es>)

6.- Atención a peregrinos do Camiño de Santiago: tras o peche dos albergues da rede pública habilitase un servizo de acollida provisional no albergue público Monte do Gozo (Santiago de Compostela) para os peregrinos que están en tránsito e mentres non dispoñan de medios de regreso ou aloxamento. Os albergues públicos pechados deberán pór información de orientación no exterior.

7.- Suspéndese a **pesca fluvial e a caza** (agás autorizacións especiais)

8.- Suspéndese o **desembarque e actividades no Parque Nacional das Illas Atlánticas** agás no caso dos/as veciños/as das illas, o persoal do Parque e os profesionais da pesca ou marisqueo.

9.- Suspéndense as **queimas**

10.- Suspéndense ás **visitas aos centros residenciais de servizos sociais** agás casos excepcionais debidamente autorizados.